



REGULAMENTO PARA O USO DO LOCAL DE ENSAIOS

NORMAS DE USO DO LOCAL DE ENSAIOS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

ARTIGO I. OBXECTO

- O presente regulamento ten por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material do Local de Ensaio do Concello de Vilagarcía de Arousa. Estas instalacións ubicadas no baixo do Auditorio de Vilagarcía de Arousa poñense á disposición da mocidade de Vilagarcía coa finalidade de facilitar un espazo para o ensaio musical dos mozos e mozas do noso municipio que non dispoñen de medios necesarios para o desenvolvemento desta actividade.

Constitúese, polo tanto, como un Servizo Municipal que pode ser utilizado de xeito gratuíto por grupos de música e solistas xoves, tendo como finalidade o fomento da participación xuvenil e a súa creatividade artística.

ARTIGO II. DOTACIÓN

O Local de ensaios está ubicado en Rúa Elpidio Villaverde e conta cunha superficie de 117 m². O local conta con un distribuidor de 9,84 m², unha sala de control de 11,49 m² e 3 locais, destinados a ensaio. Designados cos números 1, 2 e 3, estes espazos están completamente insonorizados e preparados acusticamente, resultando idóneos para o fin ao que se destinan. As salas contan co equipamento que se relaciona no anexo I.

ARTIGO III. HORARIO

Os grupos poderán dispoñer do Local de Ensaio ata un máximo de 6 horas á semana, tendo en conta as solicitudes e horarios disponibles:

De luns a venres en horario de 8.30 h a 22.00 h

Sábados: de 10.00 h a 14.00 h e de 16.00 a 21.00

ARTIGO IV. A SOLICITUDE DE ACCESO AO LOCAL DE ENSAIOS

O acceso levarase a cabo mediante a presentación dunha instancia normalizada presentada no Rexistro Xeral do Concello e dirixida á concelleira-delegada de Xuventude.

Haberá distintos modelos de solicitude segundo a sala que se pretenda utilizar (sala de gravación ou ensaio). Poderán presentar solicitudes para o uso dos citados locais, aquelas persoas solistas ou que actúen en representación dun colectivo musical, que precisen dun local para realizar os seus ensaios.

Na solicitude deberán figurar tanto do/a representante así coma do suplente, no caso de existir os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- DNI
- Enderezo
- Localidade
- Teléfono

Relación de membros que compoñen o grupo, días e horario que solicita para o ensaio e/ou gravación.

Na solicitude de acceso á sala de gravación deberá contarse cun técnico de son encargado do manexo do equipamento material desta dependencia. Este técnico de son poderá designarse polo propio grupo ou no seu defecto polo Concello.

Estará a disposición dos/as interesados/as, tanto na Concellería de Xuventude coma na páxina web do Concello, o modelo normalizado de solicitude así coma un parte de incidencias.

Para garantir unha programación axeitada do uso por parte dos potenciais usuarios/as, as solicitudes deberán ser presentadas cunha antelación mínima de 15 días con respecto á data solicitada.

Este local deberá ser utilizado con carácter temporal. En ningún caso poderá ser domicilio social dos grupos, nin constituir o lugar permanente onde realizar as súas actividades.



ARTIGO V. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E CRITERIOS DE AUTORIZACIÓN DE USO

a) As solicitudes serán valoradas pola Concellería de Xuventude atendendo aos seguintes criterios de prioridade:

- O equipamento acollerá preferentemente aos grupos do Concello de Vilagarcía de Arousa (considéranse grupos do Concello de Vilagarcía de Arousa, os que máis do 75% dos seus compoñentes estén empadroados en Vilagarcía de Arousa ou estean inscritos no rexistro municipal como agrupación do Concello).
- Priorizaranse os grupos fronte aos solistas.
- Priorizaranse as solicitudes de reserva trimestrais de a lo menos 8 horas mensuais fronte aquelas puntuais.
- Valorarase o maior número de integrantes.
- A colaboración do grupo coa programación cultural do concello.

c) Trimestralmente revisaranse os horarios e, en caso de ser necesario, reestruturarase o calendario en función das novas solicitudes e dos horarios dispoñibles.

d) A Concellería de Xuventude entregará, no seu caso, á persoa solicitante unha autorización do uso das instalacións indicadas, na que figurará o nome do solicitante, o seu número de documento de identidade, relación de membros que compoñen o grupo, días e horas nas que está autorizado ao uso dos locais e a sala a utilizar.

ARTIGO VI. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

a) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, a persoa representante do grupo deberá ter dispoñible o documento de autorización ao que se refire o apartado d) do artigo anterior e dirixirse ao traballador responsable do Auditorio de Vilagarcía de Arousa nese momento para rexistrar a súa entrada. O uso da instalación implicará a aceptación das normas básicas que se achegan así coma as específicas do Auditorio de Vilagarcía de Arousa e do Conservatorio.

b) O acceso ás instalacións será realizada xunto cos/as técnicos/persoal responsable do Concello.

c) Antes do inicio de cada sesión de ensaio comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera desperfecto ou incidencia ao persoal responsable do mesmo, mediante un parte de incidencias de obrigado cumprimento.



- d) Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autorice usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada. Tanto o local coma o material debe quedar recollido para o uso do seguinte grupo.
- e) O Concello de Vilagarcía de Arousa faise cargo dunha limpeza periódica das instalacións, así como do mantemento técnico dos materiais.
- f) O acceso á sala de gravación estará restrinxida a todos aqueles solistas ou grupos que non actúen baixo a supervisión dun técnico de son que é o único que pode manipular o equipamento da sala de gravación. Este técnico de son será designado polo propio grupo na solicitude da sala de gravación e no seu defecto polo Concello.
- g) Serían motivos para impedir o uso do Local de Ensaios:
- Incumprir algún dos requisitos contidos no artigo VII deste regulamento, ben antes de autorizarse a concesión do local (en tal caso xa non se autorizaría o uso do local) ou ben logo de que esta se produza.
 - Impedir o bo funcionamento das instalacións, tanto provocando desperfectos nas mesmas como dificultando o seu uso a certos colectivos.
 - Promover manifestacións musicais ou escénicas contrarias á dignidade das persoas ou grupos nos que se integran (xenofobia, sexismo, militarismo ou apoloxía da violencia).

ARTIGO VII. OBRIGAS DOS USUARIOS DOS LOCAIS

O/A usuario/a ten as seguintes obrigas:

- a) Respetar os horarios e salas asignados. Non se permitirá o acceso ás instalacións dos usuarios que cheguen media hora máis tarde da hora asignada. É necesario limitarse á utilización das salas asignadas para non entorpecer o funcionamento do Conservatorio ou doutras actividades que se realicen no Auditorio. Igualmente e coa mesma finalidade, tralo acceso á sala solicitada, o/a usuario/a deberá proceder a pechar a porta da sala utilizada previamente á realización do ensaio ou gravación.
- b) Cubrir o parte de asistencia.
- c) En caso de non utilizar o local en catro ocasións consecutivas ou en seis trimestrais, sen xustificación, procederase á baixa do uso de este equipamento.



- d) So poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo. Queda prohibido o acceso ás instalacións de persoas alleas, podendo autorizar o seu acceso en casos puntuais, previa comunicación e autorización da Concellaría de Xuventude.
- e) Queda terminante prohibido trasladar material dunha sala a outra.
- f) Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e do cableado, quedando todo desconectado da rede eléctrica.
- g) No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, o grupo de que se trata a través do seu representante deberá repoñer íntegramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.
- h) Non se permite fumar, beber ou comer nas distintas salas do local de ensaios.
- i) Asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento periódico que se convoquen dende a Concellería de Xuventude.
- j) Facer como mínimo unha actuación ao ano, de acordo coa programación da Concellería de Xuventude. A actuación poderá facerse conxuntamente con outros grupos e deberase notificar á Concellería de Xuventude cunha antelación de 10 días. Non se poderá cobrar entrada por estas actuacións.
- k) En ningún caso poderá destinarse este espazo municipal a fins distintos a aqueles para os cales se fai a solicitude.

ARTIGO VIII. RÉXIME DE GARANTÍAS

1) Constitución:

Co obxecto de garantir un correcto uso das instalacións e equipos, así como a súa reposición, reparación ou indemnización de danos en caso de alteración, os solicitantes deberán presentar unha garantía de 30,00 euros nalgunha das seguintes formas:

- a) Mediante ingreso en metálico na tesoureiría do concello de Vilagarcía de Arousa.
- b) Mediante aval prestado por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España e presetado ante a tesourería do concello de Vilagarcía de Arousa.

A garantía rexirase, no non previsto no presente regulamento, pola normativa aplicable á contratación pública e, supletoriamente, polo Código Civil.

2) Execución:



En caso de producirse danos nas instalacións e/ou equipos, os mesmos deberán ser obxecto de valoración por unha pesoa responsable.

O importe da garantía constituída en ningún caso terá a estes efectos carácter limitativo, e a súa execución efectuarase con independencia da esixencia de responsabilidades a que haxa lugar.

O cobro dos gastos xenerados polos danos ou desperfectos producidos, cando exceda da garantía prestada, poderá facerse efectivo pola vía de constriximento.

3) Cancelación:

No momento de extinguirse a autorización de uso do local procederase á cancelación da garantía presentada, o que se producirá unha vez emitido informe favorable da pesoa responsable das instalacións.

ARTIGO IX. CONFLITOS

O Concello, a través do órgano competente, será o encargado de dilucidar os conflitos que puidieran xurdir por mor da dispoñibilidade do local de ensaios.

ARTIGO X. INCUMPRIMENTOS

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento darán lugar á perda do dereito ao uso e desfrute das instalacións e materiais indicados nos artigos anteriores durante un período dun ano, sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar a normativa vixente.

A responsabilidades polo incumprimento das obrigas establecidas no artigo 6 será solidaria, polo que se algún integrante do grupo incumple algunha das obrigas que figuran neste regulamento, dará lugar á perda do dereito de desfrute do local para o devandito grupo ou solista.

Vilagarcía de Arousa, 24 de novembro de 2008.